



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Simal Gándara, Jesús  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Currás Valle, Consuelo  
García Cutrín, Francisco Javier  
García González, Silvia  
Garrote Velasco, Gil  
Lavilla Beltrán, M. Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Fálagan Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, M<sup>a</sup> Edita de  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián  
González López, Raquel  
Moldes Pita, Óscar

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan  
Estévez Orge, Marcos  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Balado Barciela, Adrián  
Cambón Periscal, Ana  
Fernández Reboreda, Teresa  
Ferro Soto, Carlos  
Gómez Fariñas, Beatriz  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Rivo López, Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 13 de novembro de 2018, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **13 de novembro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 8 de outubro de 2018.
2. Informe do Sr. Reitor.
3. Aprobación da finalización da adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de Universidades da Fundación Triptolemos para Desenvolvemento Agroalimentario.
4. Aprobación, se procede, do Procedemento para a Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.
5. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público do PDI da Universidade de Vigo para o ano 2018.
6. Aprobación, se procede, dun recoñecemento docente especial á profesora Belén Riveiro Rodríguez como coordinadora dun proxecto europeo do programa H2020.
7. Aprobación, se procede, de modificacións no Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, de modificacións no Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Máster da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, das 1<sup>a</sup> edicións de Cursos de Especialista.
10. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Permanencia e Progreso na Universidade de Vigo.
11. Renovación, se procede, da composición da Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo.
12. Modificación, se procede, do Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo.
13. Renovación, se procede, da composición da Comisión do CACTI.
14. Aprobación, se procede, da convocatoria de retención de talento.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:– Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Juan de la Cierva – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago

de Compostela e Vigo para o cofinanciamento subprograma Ramón y Cajal – Acordo específico para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Moncton (Canadá) – Acordo de cooperación internacional entre a Universidade Federal de Santa Maria, Brasil, e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación – Addenda ao convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

16. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- a) Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante
- b) Investigación: 1 estudante
- c) Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI

17. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

18. Rogos e preguntas.

19. Aprobación, se procede, das modificacións ao manual Docencia.

## **1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 8 de outubro de 2018.**

Apróbase a acta por asentimento.

## **2. Informe do Sr. Reitor.**

O Sr. reitor informa dos seguintes asuntos:

- a) En primeiro lugar, informa de que se procedeu a nomear os edificios do Campus de Vigo con nomes femininos: Exeria, Ernestina Otero e Filomena Dato.
- b) Aprobáronse os Estatutos, polo que se comezará o traballo do seu desenvolvemento regulamentario.
- c) O Campus do Mar foi elixido como nodo nacional do plano estratéxico para impulsar o crecemento da economía azul (Blue Economy).
- d) Os alumnos do máster de enxeñaría industrial, Iago Álvarez, Gelo Cubeiro, Alberto Goitia e Carlos Guitián, recibiron o primeiro premio do EDP Challenge polo seu traballo dirixido polos profesores Itziar Goicoechea e Camilo Carrillo.
- e) O libro do profesor Carlos Lago “Cortita y al pie” figura entre os máis vendidos en Amazon.
- f) Certame Ciencia en Acción 2018 primeiro premio ex aequo ao traballo do prof. José Benito Vázquez Dorrío (“uno de los interferómetros más sencillos del mundo: nanotecnología de salón”).
- g) Begoña Cid e Eduardo Liz recibiron o premio Bellman sobre biociencias matemáticas.
- h) O profesor da Facultade de Ciencias, Humberto Michinel, elixido presidente da European Optical Society.
- i) O traballo do profesor da Fac. de CC Xurídicas, D. Ángel Aday, foi elixido como o mellor da Asociación de Constitucionalistas.
- j) Aprobouse a solicitude da UVigo de unidade de cultura científica.
- k) O Claustro de orzamentos adíase pola falta de informacións da Xunta de Galicia. Serán, en todo caso, uns orzamentos restritivos, para dar un cambio ás políticas da Universidade de Vigo, empregando os excedentes da masa salarial.

- l) Informa de cambios de nomeamentos de directores de área: deixa o seu posto Noelia Vázquez (a quen se lle agradecen os servicios prestados) e cambia por Alfonso Lago Ferreiro. Intégrase Cristina Gallego na Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica.
- m) O profesor Jesús Simal figura como novo highly cited (un dos criterios de calidade de profesorado máis importantes no *ránking de Shanghai*) da Universidade de Vigo, polo que deixará a Vicerreitoría de Internacionalización para dedicarse a tarefas científicas. O Sr. reitor fai un resumo dos criterios máis importantes do *ránking de Shanghai*. Incorpórase D. Maurizio Battino como investigador *ad honorem* da Universidade. O vicerreitor D. Jesús Simal renuncia entón á súa vicerreitoría, que será asumida pola vicerreitora de Responsabilidade Social e Cooperación, pasando a Área de Igualdade a depender directamente do Sr. reitor.
- n) Nos agrupamentos estratéxicos tivemos éxito na recente convocatoria da Xunta de Galicia, así como, particularmente, na convocatoria de equipamentos.

D. Luis Pérez pide aclaracións sobre a modificación no Claustro dos regulamentos dos consellos de campus, en concreto, sobre a composición dos mesmos. O Sr. reitor sinala que se mirará.

### **3. Aprobación da finalización da adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de Universidades da Fundación Triptolemos para Desenvolvemento Agroalimentario.**

O Sr. reitor indica que o cumprimento das promesas electorais por parte do equipo de goberno implica un manexo estrito das contas, renunciando a certo tipo de gastos que non se consideran esenciais, como é o caso que nos ocupa aquí, polo que se propón darse de baixa no Consello da Fundación Triptolemos.

O Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbase a proposta por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, do Procedemento para a Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, que procede a expoñer as liñas mestras do procedemento de transformación, que foi axuntado co resto da documentación correspondente á presente convocatoria do Consello de Goberno. O Sr. vicerreitor fala da carreira universitaria dos axudantes doutores e indica que se trata do exercicio dun dereito e o procedemento para o mesmo, do xeito máis sinxelo. Este ano rematarán cinco persoas. Xa foi aprobado unánimemente na mesa de negociación e pasou pola COAP.

D<sup>a</sup> Carmen Ruiz Hidalgo sinala que en lugar de profesorado contratado doutor interino, debería ser contratado doutor a secas. O Sr. vicerreitor aclara que debido á taxa de reposición, non se pode crear a praza de contratado doutor directamente. A Sra. Ruíz Hidalgo alude ao convenio colectivo. O Sr. vicerreitor sinala que o convenio colectivo non se pode cumprir. A Sra. Ruiz Hidalgo alude ás cinco prazas de CD que aparecen na oferta pública. O Sr. vicerreitor indica que esas prazas son a reserva de prazas previstas pola lei. D. Luis Pérez sinala que o debate sobre os contratados doutores interinos redúcese a que a Universidade non ten unha RPT do PDI e que, polo tanto, faise unha enxeñaría legal dubidosa para salvar certas situacións.

Apróbase a proposta por asentimento (**Anexo I**).

### **5. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público do PDI da Universidade de Vigo para o ano 2018.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, que procede a expoñer as liñas mestras da OPE 2018, que foi axuntada co resto da documentación correspondente á presente convocatoria do Consello de Goberno. A taxa de reposición é de 31 persoas (o Sr. vicerreitor clasifica a cantidade). Desas 31 hai que reservar un 15% para Ramón y Cajal e outras figuras dese tipo (5

prazas). Quedan 26 prazas de libre acceso que serán de titular de universidade, xa que permitirá rebaixar as bolsas de acreditados, porque xeran prazas de promoción (26 cátedras) para este ano, e tamén para o seguinte. Hai unha dúbida legal respecto ao 15% de reserva de prazas para programas autonómicos. A proposta foi aprobada na mesa de negociación e na COAP. A Sra. Ruíz Hidalgo pregunta polos criterios de asignación das prazas. O Sr. vicerreitor aclara que estanse a negociar aínda. Agora trátase só de aprobar o número de prazas.

Rematada a exposición do Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, o Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbase a proposta por asentimento (**Anexo II**).

#### **6. Aprobación, se procede, dun recoñecemento docente especial á profesora Belén Riveiro Rodríguez como coordinadora dun proxecto europeo do programa H2020.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen procede a expoñer a conveniencia de aprobar este recoñecemento docente especial á profesora Belén Riveiro Rodríguez, dada a súa condición de IP dun importante proxecto H2020, o que require un gran esforzo complementario de traballo de xestión e coordinación. Propónse unha desgravación do 75% da labor docente.

Rematada a exposición do Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, o Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbase a proposta por asentimento.

#### **7. Aprobación, se procede, de modificacións no Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que procede a expoñer as modificacións no regulamento do TFG, que foron axuntadas co resto da documentación correspondente á presente convocatoria do Consello de Goberno. Son dúas modificacións puntuais. A primeira solicítase desde o Tribunal de Garantías: art. 6.2º. Trátase de eximir ao valedor universitario da obriga de dirixir TFG. Apróbase por asentimento.

A segunda modificación xa se levou ao Claustro e á COAP, e ten que ver co artigo 8 (avaliación polo titor). Dependendo dos centros hai un debate sobre a súa conveniencia, xa que a normativa estatal a deixa moi aberta. Tráese unha redacción aberta para que cada centro poida decidir de acordo cos seus intereses. Cada centro poderá escoller entre tres modelos: tribunal colexiado, tribunal unipersoal (o titor); e mixta. No caso de modalidade única, o tribunal valorará sobre 10. Na mixta, o tribunal colexiado poderá poñer un 10 e o unipersoal a nota que decida o centro (entre 6 e 10). Quedou algún aspecto aberto na COAP que se pode tratar agora. O Sr. reitor lembra a proposta inicial, pero a raíz de certas intervencións no Claustro se cambiou pola actual.

O Sr. Óscar Moldes Pita indica que o alumnado perseguía maior uniformidade para toda a Universidade. Raquel González sinala que ofertando as dúas opcións se poderá elixir sempre o tribunal colexiado, pero que non se lle pode negar aos alumnos a opción de elixir, e que non sexa o centro. O Sr. reitor anima ao alumnado a loitar por esta opción en cada centro, aínda que dentro dun tempo se poda adoptar unha decisión máis pechada no Consello de Goberno. O Sr. vicerreitor indica que hai moitos condicionantes que falan a favor da proposta. O Sr. Juan Pardo indica que na avaliación de cada materia debe primar a calidade e parécelle que pode ser motivo de conflito que haxa dous mecanismos para avaliar un mesmo traballo, particularmente no TFG. O Sr. reitor aclara que o mecanismo previsto permite todas as posibilidades o que é bo de momento. O Sr. Miguel Cuevas pregunta se é legal limitar a nota máxima do alumnado. O Sr. Luis Pérez cuestiona a lexitimidade das xuntas de centro para tomar este tipo de decisións e que os criterios deberían ser uniformes en toda a Universidade. O Sr. Fco. Javier García

Cutrín sinala que se a avaliación a fixan as guías docentes o debate carece de sentido. O Sr. reitor indica que se pode modificar a proposta retirando o límite previsto en caso da solución mixta. O Sr. Bienvenido Díez fala das diferenzas entre centros, o que se reflexa no traballo dos titores; o que debería terse en conta na mesa de negociación en relación coa carga de traballo do profesorado. A Sra. Carmen Ruíz Hidalgo non está de acordo en que o alumnado poda obter a nota máxima no tribunal unipersoal. O Sr. Juan Pardo está de acordo coa reflexión, xa que o tribunal unipersoal mestura a persoa do titor e do xulgador.

Apróbase a proposta, eliminando o punto 8.1.7 para que o alumnado poda obter a máxima nota en cada modalidade proposta, dependendo do que decida libremente a xunta de centro e entende que nun mesmo grao non deben coexistir dous mecanismos diferentes. O Sr. Miguel Cuevas lembra que o alumnado esta representado nas xuntas de facultade e que debería darse a opción de elixir simplemente entre unha modalidade ou outra; entende que non cabe que o Consello de Goberno dubide sobre a cualificación do profesorado da Universidade. O Sr. Óscar Moldes lembra que no resto das materias o titor e o avaliador é o mesmo. O Sr. vicerreitor lembra as diferentes casuísticas entre as universidades. O Sr. García Cutrín decántase por manter a solución mixta, agás que a matrícula se reserve ao tribunal, e que o centro poda permitirse limitar a nota en caso de defensa ante o tribunal unipersoal. O Sr. Juan Pardo cre que a modalidade a elixir debe ser a mellor para cada grao concreto, segundo criterios de calidade. O Sr. Óscar Moldes quere deixar como obrigatoria a opción mixta para toda a Universidade.

As propostas de votación son as seguintes:

1ª. Manter as tres posibilidades: unipersoal, colectivo ou mixta (proposta da COAP).

2ª. Dúas posibilidades: unipersoal ou colectiva (eliminando a mixta).

3ª. Unha possibilidade: mixta (eliminando as outras dúas).

– Primeira possibilidade: votos a favor, 32

– Segunda possibilidade: votos a favor, 1

– Terceira possibilidade: votos a favor, 2

– Abstencións: 0

Formúlase se se elimina o punto 7 do artigo 8, relativo á opción mixta de xeito que o centro non poda limitar a nota:

– Votos a favor de eliminar o punto, 20

– Votos a favor de non eliminalo, 10

– Abstencións, 2

O Sr. Juan Pardo opina que a referencia a un profesor da mesma área debería dirixirse ao profesorado relacionado coa temática do traballo.

A votación final do regulamento é de 29 votos a favor, 4 abstencións e ningún voto en contra.

O regulamento apróbase (**Anexo III**) como se enviou, agás a eliminación do punto 7 do artigo 8 e eliminando o texto relativo ao profesorado da mesma área, apuntada polo profesor Juan Pardo.

## **8. Aprobación, se procede, de modificacións no Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Máster da Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que procede a expoñer as modificacións no regulamento do TFM, que foron axuntadas co resto da documentación correspondente á presente convocatoria do Consello de Goberno. A problemática é a mesma, agás o papel da Comisión Académica.

Rematada a exposición do Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, o Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbase a proposta por asentimento, coas mesmas modificacións introducidas no punto anterior (**Anexo IV**).

### **9. Aprobación, se procede, das 1ª edicións de Cursos de Especialista.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que procede a expoñer o asunto relativo ás primeiras edicións de cursos de especialista, que foi axuntado co resto da documentación correspondente á presente convocatoria do Consello de Goberno. Temos dous cursos de especialista novos e a normativa establece que as primeiras edicións teñen que ser aprobadas polo Consello de Goberno: Rehablado interlingüístico Inglés-Español, na Facultade de Filoloxía e Tradución; e Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar, na Facultade de Ciencias do Campus de Vigo. Ambas propostas cumpren toda a normativa.

Rematada a exposición do Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, o Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbase a proposta por asentimento.

### **10. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Permanencia e Progreso na Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor dá lectura ao artigo 13 da “Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo” (DOG do 30 de xuño de 2017), segundo o cal:

*“1º. Constituirase na Universidade de Vigo unha Comisión de Permanencia e Progreso. A citada comisión velará pola aplicación racional dos criterios que regulan o progreso e a permanencia do estudantado na Universidade de Vigo, informará das solicitudes presentadas, resolverá os conflitos e as reclamacións que afecten os principios rexidos pola presente normativa e observará o axuste dos resultados do progreso e dos obxectivos fixados polas memorias de verificación dos títulos: taxas de graduación, abandono, eficiencia, éxito, etc., de xeito que se garanta a viabilidade e a calidade de cada unha das titulacións impartidas na Universidade de Vigo.*

*2º. A Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade de Vigo estará composta por: a) Presidencia: A persoa responsable da vicerreitoría con competencias en materia de alumnado ou persoa en quen delegue.*

*b) Vogais: A persoa responsable da vicerreitoría con competencias en materia de organización académica ou persoa en quen delegue. A persoa responsable do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao. Tres persoas propostas polo reitor ou reitora e nomeadas polo Consello de Goberno entre as que desempeñan os cargos de directora, director, decana ou decano. Dúas persoas propostas polo estudantado e nomeadas polo Consello de Goberno.*

*c) Secretaría: A persoa responsable do Servizo de Xestión de Estudos de Grao.”*

Consonte á normativa exposta, o Sr. reitor somete á aprobación do Consello a seguinte composición da comisión:

- Presidencia: Natalia Caparrini Marín.
- Vogais: Manuel Ramos Cabrer, José Luis Gómez Reboiro, Iñigo Cuiñas Gómez, Susana Reboreda Morillo, Silvia García González, Adrián Balado Barciela, Raquel González López.
- Secretaría: María Cristina Rodríguez Cendón.

Apróbase a proposta por asentimento.

### **11. Renovación, se procede, da composición da Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo.**

O Sr. reitor dá lectura ao Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo (DOG do 7 de xaneiro de 2015).

*“Artigo 8. Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo da Universidade de Vigo (CAS).*

*A aplicación deste protocolo será competencia da Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo da Universidade de Vigo (en adiante denominada CAS).*

#### **Artigo 9. Composición da CAS.**

*A CAS estará composta por:*

- 1. Director/a da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, que asumirá a presidencia da Comisión.*
- 2. Representante da reitora ou reitor.*
- 3. Representante do PDI.*
- 4. Representante do PAS.*
- 5. Representante do alumnado.*
- 6. Representante da Xerencia, que actuará como secretario o secretaria.”*

Consonte á normativa exposta, e a proposta da Comisión de Igualdade, reunida o 8 de novembro de 2018, o Sr. reitor somete ao Consello de Goberno aprobación da seguinte composición para esta comisión.

- Presidenta: Águeda Gómez Suárez
- Representante do reitor: M<sup>a</sup>. José Bravo Bosch (titular) e Rafael Fernández Acevedo (suplente).
- Representante do PDI: María Lameiras Fernández (titular) e Yolanda Rodríguez Castro (suplente).
- Representante do PAS: Luis Pérez Gómez (titular) e M<sup>a</sup> José Ríos Santomé (suplente).
- Representante do alumnado: Alfredo González González.
- Representante da Xerencia: Raquel Souto García (titular) e José González Groba (suplente).

Apróbbase a proposta por asentimento.

#### **12.Modificación, se procede, do Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación, para que expoña as modificacións propostas para o regulamento, que xa se axuntaron á orde do día da presente convocatoria. Aclara que é unha modificación puntual urxente e que o regulamento debe ser adaptado ás novas realidades. Unha se refire á inclusión dos vicerreitores dos campus de Ourense e Pontevedra, un representante da área de saúde e deporte e un membro do PDI dunha área especializada na Comisión Técnica. A segunda modificación refírese á constitución dun tribunal externo en casos especiais.

Tras a intervención da Sra. vicerreitora, o Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

Apróbbase a proposta por asentimento (**Anexo V**).

#### **13.Renovación, se procede, da composición da Comisión do CACTI.**

A Sra. vicerreitora de Investigación solicitou que fose retirado este punto da orde do día, ante a falta de acordo na Comisión de Investigación.

#### **14.Aprobación, se procede, da convocatoria de retención de talento.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación para que expoña a proposta da convocatoria de retención de talento, que foi axuntada á presente convocatoria co resto da documentación. Intervén o Sr. vicerreitor de Profesorado no seu lugar. Trátase de reter a investigadores cuxo contrato remata e que podan continuar vinculados á Universidade de Vigo (Ramón y Cajal, Marie Curie, Juan de la Cierva e postdoutorais da Xunta de Galicia). Son 10 prazas, xa que é o número de persoas que rematan o seu contrato. Teñen que ter acreditación a contratado doutor, unha antigüidade mínima de dous anos na praza, e ter todos os informes positivos no seu programa correspondente. A convocatoria ten o acordo da mesa de negociación do PDI (non unánime) e da Comisión de

Investigación. O Sr. Manuel Cruz Freire critica que se poña unha limitación por áreas e que non se valoren exclusivamente os méritos persoais de cada un e os criterios de antigüidade no posto para certas figuras, ás que se botaría á rúa para repescalo, pola duración dos seus contratos. O Sr. reitor aclara que se trata de 10 prazas para 10 candidatos e que se está a negociar a eliminación dos límites por áreas. O Sr. vicerreitor de Profesorado da a razón ao Sr. Cruz sobre a segunda observación formulada e indica que pasamos un ano sen convocatoria de retención de talento, polo que agora faise unha de ano e medio, igual que o ano que vén. O Sr. Cruz insiste na súa observación, e o Sr. vicerreitor tenta aclarar mellor os termos da convocatoria, lendo o texto literal do apartado concreto e concedendo que a redacción é mellorable. O Sr. Xan Cebro aclara que non participou na comisión, e indica que falta unha normativa na Universidade para este tipo de contratos (do art. 48.3º da LOU) e que xa houbo problemas legais por este asunto e anima ao equipo de goberno a afrontala. O Sr. reitor aclara que estes contratos corresponden á Lei da Ciencia. O Sr. Bienvenido Diez felicita ao equipo pola negociación levada a cabo, que satisfizo a todas as forzas; destacando os acordos acadados e manifesta a súa preocupación porque haxa xente contratada con cargo a proxectos, que figuran no capítulo 1 e cuxa problemática non está sendo abordada nas mesas de negociación. Solicita ao equipo de goberno información sobre este asunto. A Sra. vicerreitora indica que se revisará esta situación. O Sr. Xan Cebro indica que xa denunciou este problema. O Sr. Luis Pérez indica que trata de marcar unhas liñas como representante do PAS laboral pero que ten detectado como dúas categorías profesionais no ámbito do PAS. Comeza unha breve discusión entre o Sr. Pérez e o Sr. Cebro. O Sr. reitor pon fin ao debate neste punto, indicando que pelexará por eliminar da cara ao ano que vén a limitación por áreas e a duración en certos contratos como requisito para acceder ao programa. O Sr. Bienvenido Diez está de acordo e o vicerreitor de Profesorado inclúe unha modificación que indique “ter rematado nese momento unha antigüidade mínima de dous anos”.

Apróbase a proposta por asentimento coa modificación indicada polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

**15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:– Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Juan de la Cierva – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento subprograma Ramón y Cajal – Acordo específico para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Moncton (Canadá) – Acordo de cooperación internacional entre a Universidade Federal de Santa Maria, Brasil, e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación – Addenda ao convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, quen explica que, do mesmo xeito que en anteriores consellos, trátase dun mero trámite previo á firma polo reitor de diferentes convenios preparados desde a Secretaría Xeral, en función do disposto no procedemento para tramitar e aprobar convenios na Universidade de Vigo (artigo 6.4º.1º).

Apróbanse os convenios por asentimento.

**16. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:**

- a) **Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante**
- b) **Investigación: 1 estudante**
- c) **Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI**



O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo alumnado, polo que non caben eleccións.

Polo sector PDI, o Sr. reitor sinala que se presentou soamente a candidatura do Sr. Juan Picos Martín á Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, polo que tampouco son precisas eleccións, sendo nomeado automaticamente o único candidato presentado.

#### **17. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.**

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo alumnado, polo que non caben eleccións.

#### **19. Aprobación, se procede, das modificacións ao manual do programa Docencia.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, quen explica brevemente o trámite das modificacións.

Apróbanse por asentimento (**Anexo VI**).

#### **18. Rogos e preguntas.**

O Sr. reitor abre a rolda de intervencións.

O Sr. Bienvenido Diez insiste en que se mande aos sindicatos explicacións sobre a situación dos contratados con cargo a proxecto no capítulo 1.

O Sr. Xan Cebro alude ás negociacións da xerente sobre o peche de edificios nas vacacións. O Sr. reitor aclara a situación. A xerente indica como será o trámite das negociacións a levar a cabo, implicando aos servizos. O Sr. Xan Cebro está de acordo co formulado, aínda que haberá que ver o que é mellor en xeral. Engade á xerente que debe chegarse a un acordo para regular as comisións de servizo. Sinala que é representante do PAS no Consello de Goberno e que hai unhas promesas electorais que están por cumprir e que para 2019 solicitan os seus compañeiros do PAS. En concreto, habería que regularizar as áreas de laboratorios e conserxería. Finalmente, sinala que levan anos certos colectivos, como o PDI, reclamado a paga extra completa e pide que para o PAS funcionario tamén se teña en conta, aínda que non está no programa electoral.

D. Luis Pérez indica que é representante sindical e que non pode pedir todo o que lle reclaman, pero quere falar de certas cousas. Agradece o estudo sobre o peche de edificios, en pro da racionalidade. Tamén fala da reestruturación de horarios do persoal, e que debería elaborarse unha instrución ao respecto. Entende que hai dúas categorías profesionais no PAS e que as peticións ao respecto serán estudadas na mesa de negociación. Sobre as comisións de servizo, fala do acordo sobre a promoción de grupos e subgrupos ao que chegou o Sr. Xan Cebro co Sr. reitor, preguntando sobre o mesmo.

A Sra. xerente aclara a cuestión, que se refire a nomeamentos provisionais, aínda que se trate de comisións de servizo. O Sr. Luis Pérez insiste en que quedaron certos aspectos fóra do acordo e que se trata dun tema delicado que afecta ás persoas e que deberían tratarse. A xerente aclara que o resto de temas están enriba da mesa. O Sr. Luis Pérez reivindica o papel das comisións, xa creadas ao respecto, que son o marco establecido, de xeito que cada cousa se leve ao seu sitio.

O Sr. Bienvenido Diez está de acordo co peche dos centros e que deben racionalizarse os horarios de acordo coa conciliación familiar e laboral.

O Sr. Xan Cebro indica que o tema das comisións de servizo trátase dun xeito semellante en todas as universidades, e que hai dous aspectos diferentes, un dos cales foi o obxecto do acordo co reitor. O documento sobre comisións de servizo leva moito tempo enriba da mesa.

O Sr. reitor indica que as promesas do equipo seguen penduradas na web e que quere cumprir o 100% do programa, aínda que a velocidade poda ser maior o menor segundo os casos.

A Sra. Raquel González fala dunha noticia sobre as normas de disciplina universitaria e o Sr. secretario xeral informa sobre o estado da cuestión na CRUE.

O Sr. Adrián Balado indica ao Sr. Luis Pérez que os estudantes non son traballadores e pregunta ao equipo directivo por certas promesas relativas ao programa Docencia; reclama unha guía sobre a avaliación continua por parte do profesorado. Finalmente, fala de limpeza na Universidade e, concretamente, na Escola de Enxeñaría Industrial e, concretamente, sobre as concesións deste servizo, compartido entre varias Escolas, mostrando interese por como se cobren as baixas das traballadoras. Parece que non hai substituta da persoa que realiza a limpeza polas tardes. A Sra. Raquel González quíxase de que na delegación de alumnos as empregadas do servizo indican que deben ser estes quen realicen a tarefa, por falta de tempo. O Sr. vicerreitor de Planificación indica que o trámite debe pasar por dirixirse aos centros, que se poñerán en contacto coa empresa que leva o servizo. O Sr. vicerreitor de Economía aclara os trámites sobre os pregos de condicións polos que debe pasar a empresa que gañou o concurso. O Sr. reitor indica que se estudará este asunto nas reunións cos directores de centros.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:13 h do día 13 de novembro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez